



**XUNTA  
DE GALICIA**

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
**CEP LOIS TOBÍO DE VIVEIRO**  
Tel/Fax : 982561120/982550120 E-mail [cep.lois.tobio@edu.xunta.es](mailto:cep.lois.tobio@edu.xunta.es)  
WEB : <http://centros.edu.xunta.es/cepluistobio/>

# Proxecto Lingüístico



# Colexio Lois Tobío

# 1- INTRODUCCIÓN

## A- marco lexislativo

Tomamos como referencia para a elaboración do PLC o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia .

Recollemos do Decreto os seguintes aspectos , como punto de partida para a elaboración do noso Proxecto Lingüístico :

1. A lei 3/ 1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística , de conformidade coas disposicións precedentes , garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia.
2. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais . Nesta mesma liña , e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do estado español en 2001, e o Plan xeral de normalización da lingua galega , aprobado no ano 2004 .

Ademais, visto que vivimos nun contexto de globalización , atopámonos situados nun espazo internacional de plurilingüismo.

Faise necesario que o ensino posibilite a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras

## **B- Análise sociolingüística :**

O CEP Lois Tobío de Viveiro é un colexio de E. P. situado na Avenida Martín Ledesma , s/n .

No presente curso contamos con 312 alumno@s distribuídos en 16 unidades . A súa procedencia é variada: casco histórico, arredores do centro e de distintas parroquias do Concello ( Area , Vieiro, Magazos , ... ) .

A nivel socio- económico atopamos unha grande diversidade familiar : hai fill@s de empregados/ as , médicos , mariñeiros, agricultores, autónomos , un importante grupo de etnia xitana e , dende hai uns cursos, unha nutrida presenza de alumn@s inmigrantes ( Perú , Colombia, Venezuela, Arxentina, República Dominicana, Cuba , Romanía, Brasil ... ) . Este alumnado require unha atención máis individualizada e diversa polas súas dificultades para a incorporación do idioma.

A situación do idioma galego no noso centro segue a ser claramente diglósica . O alumnado está en contacto cotiá coa lingua galega de diferentes xeitos ,pero as familias educan aos nen@s maioritariamente en castelán independentemente de que os ascendentes sexan galego – falantes.

Enquisa/resultados aos pais/nais de alumnos/as

Curso 2011-2012

Total de participantes na enquisa: 244 pais/nais de alumnos/as

1- Que idioma utilizan os pais /nais para dirixirse aos seus fill@s ?:

	Pais/nais	Porcentaxe
<input type="checkbox"/> O galego -----	(24)-----	26,22%
<input type="checkbox"/> O castelán -----	(121)-----	49,59%
<input type="checkbox"/> Preferentemente o galego -----	(17)-----	6,96%
<input type="checkbox"/> Preferentemente o castelán-----	(42)-----	17,23%

2- Que idioma utilizan os pais/nais entre sí ?:

<input type="checkbox"/> O galego -----	(77) -----	31,55%
<input type="checkbox"/> O castelán -----	(122) -----	50,00%
<input type="checkbox"/> Preferentemente o galego -----	(12) -----	4,93%
<input type="checkbox"/> Preferentemente o castelán -----	(33) -----	13,52%

3- Que idioma utilizan os seus fillos/as entre sí e con outros compañeiros ?

<input type="checkbox"/> O galego -----	(38) -----	15,58%
<input type="checkbox"/> O castelán -----	(147) -----	60,24%
<input type="checkbox"/> Preferentemente o galego-----	(13 ) -----	5,33%
<input type="checkbox"/> Preferentemente o castelán -----	(46) -----	18,85%

4- Que idioma utilizan os seus fillos con outros membros da familia ( avós, tíos, ) ?

<input type="checkbox"/> galego -----	(59)-----	24,19%
<input type="checkbox"/> O castelán -----	( 125)-----	51,23 %
<input type="checkbox"/> Preferentemente o galego -----	(18)-----	7,37%
<input type="checkbox"/> Preferentemente o castelán -----	(42) -----	17,21%

A baixa tendencia observada no alumnado de usar o galego na súa expresión oral e escrita de xeito espontáneo , fainos reflexionar sobre a necesidade de seguir potenciando o uso da lingua galega na maioría das actividades do noso centro para reforzar as horas propias de docencia nesta lingua e poder acadar a competencia comunicativa desexada , equiparada á da lingua castelá ao final das respectivas etapas . Este é un obxectivo que recolle o PEC e , polo tanto , dende anos anteriores véñense realizando, cada curso escolar, unha serie de actividades incluídas na PXA , que implican á toda a comunidade educativa , e pretendemos que repercutan na mellora da calidade da produción lingüística e axuden a acadar un uso menos ligado ao estrictamente cotía e doméstico.

Os obxectivos importantes que guiarán este proxecto serán :

## **2- OBXECTIVOS :**

- Que o noso alumnado acade a competencia lingüística propia do seu nivel nas dúas linguas oficiais.
- Que toda a comunidade educativa participe na normalización do uso da lingua galega .
- Establecer unha serie de actividades co obxecto de darlle prestixio social e vitalidade á lingua máis desfavorecida no noso contorno, potenciando a presenza das distintas realidades galegas ( cultura, historia, arte, literatura , folclore,...)
- Fomentar o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.
- Potenciar a capacitación para a comunicación na lingua estranxeira ( Inglés)
- Adoptar as medidas oportunas para facer efectivo o dereito á educación e a igualdade de oportunidades , e , coa finalidade, de que os alumnos/as que non teñan o suficiente dominio da lingua galega poidan seguir con proveito as ensinanzas que na nosa lingua se lle impartan .

### 3- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO :

- 1- Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- 2- As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
- 3- Impartiranse en galego as materias de: CN e CS , e en castelán a materia de Matemáticas.
- 4- Para garantir que as materias en galego e en castelán queden distribuídas de maneira proporcional de horas semanais, establécese o seguinte cadro de distribución horario:

#### LINGUAS EMPREGADAS NAS DIFERENTES ÁREAS E MATERIAS

<b>Cadros de distribución horaria</b>						
Educación primaria						
<b>GALEGO</b>	1º	2º	3º	4º	5º	6º
CN	2	2	2	2	2	2
LG + AFREF	4	4	4	4 +1	4	3 + 1
EF		2			2	
Plást	1	1	1	1	1	1
Mús	1	1	1	1	1	1
VSC						
CS	3	2	3	2	2	3
<b>Totais</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>
<b>CASTELÁN</b>	1º	2º	3º	4º	5º	6º
MT	5	5	4	4	5	5
LC	4	4	4	4	4	3
Reli / VSC	1 / 1	2 / 2	1 / 1	1 / 1	1 / 1	1 / 1
EF	2		2	2		2
<b>Totais</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>10</b>	<b>11</b>
<b>INGLÉS</b>						
FI	2	2	3	3	3	3
Totais						
<b>PL ( * )</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>

### **Primeiro e segundo nivel :**

- Irase ampliando o uso da lingua galega dun xeito progresivo , facendo o mesmo tipo de actividades en ambas linguas para intentar equilibrar a competencia .
- En lingua estranxeira impártese o inglés fixando como obxectivo iniciar unha competencia básica no uso do idioma.

### **Terceiro, cuarto, quinto e sexto nivel :**

- Trátase de desenvolver as técnicas instrumentais adquiridas en etapas anteriores, procurando insistir en lograr un nivel de igual competencia nas dúas linguas oficiais, atendendo especialmente a lingua galega por observar un nivel por debaixo do castelán.
- En todo caso, garántese que se poñan todos os medios necesarios para que, ao remate da E.P. , o alumnado teña un dominio normal de competencia e uso oral e escrito das dúas linguas oficiais de Galicia.
- En canto a lingua estranxeira, seguirase a metodoloxía que capacite ao alumnado na competencia para desenvolverse con soltura e utilizar un vocabulario axeitado nunha comunicación elemental .

## **4. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO FOMENTANDO O PLURILINGÜISMO.**

- Fomentarse o uso oral e escrito das diferentes linguas que se imparten no centro .
- Intentarase equiparar o material bibliográfico, fonográfico, multimedia... nas diferentes linguas : castelán , galego e inglés.
- Poñerase a disposición do profesorado o material inventariado.
- Proporcionaraselle aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades, actos e institucións culturais relacionadas co seu contorno lingüístico , animando a participar nelas.
- Nas distintas actividades extracurriculares que se desenvolvan , animarase aos membros de toda a comunidade a empregar o galego por ser a lingua máis desfavorecida no noso contorno.

- Traballaranse distintos aspectos da cultura tradicional, valorando o respecto polo patrimonio material e inmaterial.
- Participarase en actividades complementarias que xurdan durante o curso a prol das dúas linguas oficiais, así como en inglés.
- Reforzarase a lecto- escritura nas diversas linguas.
- Usaranse os recursos TICs das diferentes áreas potenciando de maneira equilibrada o uso das dúas linguas oficiais e da lingua estranxeira.
- Realizaranse actividades de animación á lectura en calquera das dúas linguas oficiais: achegamento de escritores, visitas de ilustradores, publicacións dos propios alumn@s, ...
- Seleccionaranse os itinerarios lectores con diversidade de títulos , tanto en castelán como en galego .
- Cada semana vaise turnando entre o alumnado de cada grupo unha mochila viaxeira que achega ás familias distintas materias bibliográficas, fonográficas e audiovisuais . O contido da mochila procura ir equilibrado entre as distintas linguas : galego , castelán e inglés.
- Empregarase o Inglés en actividades lúdicas de representacións de diferentes cancións, celebracións do halloween, ...

Para o fomento da lingua galega, á vista do maior uso da lingua castelá, procuraremos:

- Utilizar a páxina web de contidos da C. de Educación e outros moitos recursos que aparecen na rede en cada unha das linguas , especialmente en Lingua Galega.
- Fomentar a lectura de contos e libros en galego por parte dos alumn@s , procurando ter unha ampla variedade dos mesmos na biblioteca e nas aulas.
- Mercar material: libros, vídeos, CDs, DVDs, xogos, etc, en galego para o centro .
- Editar anualmente o xornal O CHALANO, facéndoo chegar a toda a comunidade escolar, a outros centros e a distintos organismos e asociacións .
- Motivar á Comunidade educativa ( pais, nais, alumn@s, mestres) para o uso do galego tanto dende o punto de vista oral como na

escrita ( documentos, circulares, notas para as familias e nenos/as, etc).

- Diseñar os carteis e rótulos informativos e alusivos a conmemoracións do centro , así como as notas informativas e avisos, en galego normativo.
- As actuacións administrativas de réxime interno ( actas , comunicados ,etc) redactaranse sempre en galego . Tamén se empregará o galego nas programacións didácticas e noutros documentos didácticos elaborados polo profesorado.
- A páxina web e os blogs asociados do centro en galego normativo .
- Fomentarase dende o colexio o uso da lingua galega nas actividades complementarias e nos actos que dende el se organicen. Dentro das actividades complementarias: recreación das festas tradicionais galegas seguindo o ciclo do ano ( magosto, nadal , entroido, letras galegas ...)
- Realizar actividades conxuntas coa ANPA cara o uso do galego normativo e a divulgación da cultura galega.
- Participar nos programas culturais do Concello e outras administracións .

## **5- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE**

a- Observación directa:

- Reunións cos pais/nais do alumnado
- Utilización de maneira informal da lingua oral na aula e no patio
- Escritos dirixidos de pais /nais a mestres/as.

b- Observación indirecta:

- Pasouse unha enquisa ás familias , elaborada e valorada polo equipo de dinamización lingüística , para determinar o uso das



linguas cooficiais. Á vista dos datos resultantes podemos concluír que a lingua predominante é o castelán.

## **6- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO PROCEDENTE DOUTRAS COMUNIDADES LINGÜÍSTICAS E ESTRANXEIROS .**

Con respecto ao alumnado procedente doutras comunidades lingüísticas, establécense unha serie de medidas tendentes á consecución do maior aproveitamento das ensinanzas impartidas. A maior parte deste alumnado coñece , en menor ou maior grao o castelán e un pouco o inglés ; polo tanto , as maiores dificultades están na incorporación do galego

Preténdese que consigan un nivel básico do dominio do galego, tanto oral coma escrito, de xeito que lles permita un grao de comunicación imprescindible para poder integrarse e empezar a aprender dentro do noso centro , sobre todo nas áreas impartidas na nosa lingua , sen prexucio de adoptar medidas que garantan ao mesmo tempo o dominio das outras linguas ( castelán e inglés ) .

Para isto, tomáronse unha serie de decisións metodolóxicas:

- O alumnado inmigrante é avaliado pola Orientadora para determinar a necesidade de recibir unha atención específica en determinadas materias e fundamentalmente en lingua galega .
- Apoio individualizado na aula polo titor ou titora, ou se é o caso, por outros profesionais do colexio, segundo a disposición de recursos existentes en cada curso para a atención á diversidade. No inicio da súa escolarización, usarase preferentemente unha das linguas cooficiais onde se sinta con máis soltura e, de maneira progresiva, introducirase no uso das demais linguas do currículo.
- Abordar simultaneamente a aprendizaxe da lingua oral e escrita. Partimos da convicción de que a integración na aula e no centro deste alumnado ( estranxeiros e doutras comunidades ) vai estreitamente relacionado coa posibilidade de realizar tarefas escolares de forma autónoma dentro da aula.
- Aprendizaxe da lingua oral por inmersión lingüística: dentro da aula ordinaria estableceranse unha serie de rutinas para crear a necesidade de repetir diariamente aquelas expresións e

palabras que son máis necesarias para avanzar na linguaxe comprensiva e expresiva.

- A integración deste alumnado en todas as actividades do centro ( complementarias e extraescolares )

## **7 A. ACTIVIDADES DINAMIZADORAS DA LINGUA GALEGA .**

- Celebración do Magosto.
- Celebración do Nadal .
- Conmemoracións: día da Paz, día da árbore e da auga, ...
- Celebración do antroido.
- Día do libro
- Mes das Letras Galegas: difusión de materiais alusivos o/a autor/a homenaxeado/a; festival das Letras Galegas no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.
- Encontros con escritores, contacontos, ...
- Publicación anual do xornal escolar CHALANO.
- Campañas de animación á lectura.
- Participación en distintos concursos

## **7 B- ACTIVIDADES DINAMIZADORAS DAS LINGUAS CASTELÁ, GALEGA E INGLESA**

- Exposicións didácticas ao longo do curso
- Elaboración de materiais para a biblioteca que recollen as producións feitas polo alumnado ( en calquera das linguas )
- Actividades lúdicas de carácter cooperativo : o horto escolar, xornada de xogos tradicionais, día da natureza, circuío de educación viaria.
- Participación en programas que complementan ao currículo, fomentando a concienciación por parte do alumnado da importancia do coidado da saúde e o respecto pola natureza ( consumo de froita fresca e outras iniciativas según a PXA de cada curso ) .
- Exposicións de traballos elaborados polo alumnado e que derivan da participación neses programas
- Elaboración de fichas relativas a estes temas e que quedan no servidor do centro ( espazo ABALAR)
- Implicación das familias na pescuda de información sobre diferentes temas .

- Participación das familias en actividades de acollemento e despedida de alumn@s .
- Maratón de Lectura coa participación do alumnado e pais/nais voluntarios .
- Actividades de intercambio con outros centros educativos para o fomento da lecto-escritura.
- Potenciación do uso das TICs en calquera das tres linguas impartidas.
- Participación en actividades promovidas polo equipo da Biblioteca
- Uso de materiais bibliográficos ou multimedia , tratando de equilibrar o uso das linguas.

## **8- INFORMACIÓN E VALORACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR**

Segundo consta na memoria do curso pasado , presentada polo equipo dinamizador de Lingua Galega, logrouse totalmente a consecución dos obxectivos propostos e, nas distintas actividades realizadas, logrouse un grao de consecución total ou parcial, destacando o entusiasmo e alto grao de participación e implicación do profesorado.

## **9- INFORMACIÓN E VALORACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA PARA O CURSO SEGUINTE.**

Entre os obxectivos propostos polo equipo de dinamización lingüística e que constan na PXA , destacar os seguintes:

- implicar a toda a comunidade na participación de actividades programadas
- fomentar o uso do galego como lingua vehicular
- achegar a realidade socio- cultural galega .

Para mellorar a competencia lingüística , faise unha proposta de actividades que xiran ao redor de catro apartados : o ciclo do ano , o contorno próximo ( o mar, o pobo, ... ) , Letras galegas e outras ( ex: participación en certamen,...)

## **10- AVALIACIÓN DO PROXECTO**

Farase unha sesión de avaliación dentro da CCP ( ao comezo de cada curso escolar ) , tentando establecer os cambios que sexan necesarios , se fora o caso. Farase unha avaliación cos datos recollidos no seo do Consello escolar .

Este proxecto Lingüístico foi aprobado polo Consello escolar en sesión celebrada o día 08 de maio de 2012 , no punto número dous da orde do día .

En Viveiro a 08 de maio do 2012

Vº e prce.  
O director

A secretaria

